

Actividades ano 1998:

Un ano máis, a asociación segue a súa traxectoria estable e medrando no número das súas actividades. Ten moita importancia o incremento da formación, como tema vertebrador durante todo o ano, incorporando cursos novos, como pode ser o de tallado de cristal, e ao tempo aumenta o nivel da xa importante semana cultural, con intervencións de gran calado nas diversas especialidades.

Veremos tamén como neste ano, cobra importancia a doazón efectuada polo Sr Emilio Rilo dende Arxentina, e ao mesmo tempo, vemos como se esgota o mandato de Carmen Caramés Maceira e o seu equipo, que é un dos que máis continuidade tivo no tempo. Isto levará, despois da súa renuncia, á concorrencia de dúas candidaturas distintas a principios do próximo ano 1999.

Actividades:

No apartado de formación, comezouse cun Curso de pintura: Cos alumnos que xa asistían, e coa incorporación dalgúns novos, este curso segue durante todo o ano, a excepción de dous meses de vacacións durante o verán, os días de clases foron os martes e xoves en horarios de 7 a 10 da noite. Outra tarefa formativa boa, foi o Curso de ornamentación con flor natural: Coa asistencia de preto de 20 persoas, o 26 de febreiro comezou este curso. Os días de clase foron os martes e xoves durante dúas semanas. Continuaron tamén as clases de guitarra, que igual que os anos anteriores estiveron dirixidas polo profesor Moni, e nas que neste momento están matriculados preto de 10 alumnos/as, e o día de clase é o martes dende as 7:30 ata as 9 da noite.

Feito curioso, foi o curso de tallado de cristal, moi “exótico” e que sen embargo tivo moito éxito. Este curso realizouse os xoves pola tarde de 8:30 a 10 da noite, con gran concorrencia de xente. E tamén houbo un Curso de iniciación de galego, concedido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que comezou o día 20 de outubro cunha matrícula de 26 alumnos, os días de clase foron os luns, martes, mércores e xoves e os horarios de 8 a 9.45 da noite. Ao remate do curso os aprobados recibiron un certificado expedido pola Xunta de Galicia.

No ámbito físico – deportivo, triunfou outra vez o Curso de aerobio, cunha matrícula de preto de 25 persoas, comezou en xaneiro o 1º curso desta especialidade. Os días de clase foron os luns e mércores, os horarios de 8:30 a 9:30 da noite.

Para festas e celebracións, comezou o ano co Entroido infantil: O 23 de febreiro, luns de Entroido, celebrouse a tradicional festa de Carnaval para os rapaces, na que, a partires das 5 da tarde, houbo un baile de disfraces, xogos, etc. e ao remate unha merenda para os nenos asistentes. E para poñerlle a guinda, organizouse neste ano a

Festa de remate do antroido, o 24 de febreiro en colaboración coas outras asociacións do pobo, e a partires das 8 da tarde, na Praza da Feira, con gran concorrencia de público, tivo lugar a despedida do Entroido con degustación de orellas, filloas, chourizos e viño.

Tivemos tamén ocasión de poñer os grandes cociñeiros/as a proba, cun Concurso de cociña, e o 21 de marzo nos locais do Hotel Victorino de Bandeira, celebrouse o 1º Concurso de Cociña, no que se presentaron a concurso 16 persoas. Repartíronse 5 premios entre os participantes, e ao final houbo unha cea na que participaron 45 persoas.

A excursión foi nesta ocasión aos Ancares: Esta excursión tivo un gran éxito xa que nela participaron 125 persoas, polo que houbo que levar tres autobuses. Visitouse tamén Portomarín, Samos, O Cebreiro e Pedrafita, onde foi o xantar. Pola tarde visitamos as pallozas dos Ancares e á noite o regreso foi por Lugo.

Menos éxito tivo o Maratón fotográfico. No mes de Abril, promovemos esta actividade, coa colaboración dalgunha casa comercial, pero non houbo a resposta desexada, polo que non se puido levar a cabo.

Moi interesante foi a mobilización para asistir ao partido contra a droga, e en colaboración cunha fundación anti-droga, organizamos unha viaxe a Balaidos para ver un partido entre o Celta e unha Selección de futbolistas galegos.

E coa primavera, chegou a **Semana Cultural 98**: Dende o día 1 ata o 7 de xuño, os nosos socios e socias tiveron a oportunidade de asistir a gran cantidade de actos, como foron:

Conferencias:

Hábitos alimenticios saudables.

Orientación educativa.

O Euro, unha realidade imparabile.

Exposicións permanentes:

Pintura.

Concurso Literario.

Bandeira en Fotos.

Xogos populares:

Carreiras de Patíns, bicicletas e Sacos.
Ximcana de Bicicletas.

Actuacións:

Táboa de Aerobic.
Conta Contos "Samarkanda Contacontos".
Sexteto Vocal "Neocantes" de Madrid.
Grupo Folclórico Xirandola de Bandeira.
Banda de Música Rec. e Cult. de Bandeira.

Películas:

Mi pequeno Panda.
Twister.
Mi colega Dunston.
Seven.
Taron y el Caldero Mágico.
Independence Day.
Full Monty.

Para a organización de todas estas actividades, que como se ve van medrando en número e calidade cada ano, contamos coa colaboración do Concello de Silleda, Sociedade Deportiva, etc.

Hai que salientar tamén, que tal e como reflicte a Acta da Xunta Directiva do día 14 de setembro de 1998, ás 20:30 h. en dita reunión tratáronse os seguintes temas:

Distintos Temas sobre os que facer cursos.

Horario de reunión para o resto do ano.

Recibimento da doazón dos libros: “*La Inmigración*” e “*Martín Fierro*” así como dun reloxo de mesa co anagrama de “Rilo”, por parte do socio de Honra, Dn. Emilio Rilo. Tamén se fixo alusión a unha serie de cadros que están expostos, nesta altura, na sé cultural a cargo do mencionado socio, doados o ano pasado.

Tamén no mes de setembro, tivo lugar unha conferencia, e en colaboración coa Asociación Española contra o Cancro, o 23 de setembro houbo unha charla informativa na que participaron as doctoras:

Ana Malheiro Gutierrez.
Carmen Taboada Mella.
Obdulia Ramos Mosquera.

A solidariedade, que sempre estivo moi presente no devir da nosa asociación, tivo este ano unha presenza especial, coa organización dun magosto popular para axuda a Centroamérica, que se atopaba asolagada por desastres naturais. Coa colaboración con 6 asociacións do noso pobo, o 20 de novembro, no Centro Cultural, celebrouse o magosto con pouca asistencia por parte da xente. Houbo castañas, chourizos, pan e viño e todo o que se recadou (129.400 Ptas.) foi ingresado na conta de Cruz Vermella que ten para este fin.

No apartado de relacións con outras entidades, seguimos contando coas de todos os anos, se ben destaca a presenza de dúas que aínda que ata o de agora estaban moi relacionadas co Centro Cultural, empezan a constar formalmente nas actas da asociación, que son a Asociación de Pais de Alumnos Agarimo, á que se lle axuda co servizo de fotocopiadora cando o necesitan, e a Asociación de Veciños Mencer, que tamén fai aquí as súas reunións e Asembleas.

Péchase o ano asociativo coa Asemblea Xeral de Socios, o día 19 de decembro ás 20:30 h. da tarde. Nela dáse conta dun saldo a favor de 134.330 ptas. quedando pendentes de pagamento a subscripción ao DOG. e ao xornal.

No seguinte apartado, coa ausencia do secretario e do Tesoureiro, por problemas laborais, a Xunta Directiva presenta a súa dimisión ao completo, o que supón como dicíamos, o final do mandato de Carmen Caramés Maceira, o que abre a porta dun proceso de elección dunha nova directiva, pero por non presentarse candidaturas á presidencia de Asociación e a petición dos socios asistentes, decídese formar unha Xunta Xestora que dirixa a Asociación ata finais do mes de xaneiro de 1999, no que se convocará outra Asemblea Xeral Extraordinaria cun único punto a tratar elección de Presidente/a da Asociación. A Xunta Xestora quedou formada polas seguintes persoas:

Carmen Caramés Maceira.
M^a Soledad Mejuto Gonzalez.
José Manuel Ayude Salgueiro.
Alfredo López Mosquera.